



Os alimentos almacenados na planta baixa do Centro de Desenvolvemento Local de Gondomar foron colocados a bo recaudo nun operativo conxunto do Concello e voluntarios de todo o Val Miño. A enchente do río Miño fixo temer que as augas ingresaran na planta baixa da vella escola, polo que a Concellaría de Servizos Sociais que xestiona Rocío Cambra, dispuxo o traslado urxente das existencias a outras dependencias municipais, logrando que o material non fora afectado.

Este operativo levouse a cabo na tarde noite do día de onte, e ademais dos alimentos almacenados para servizos de emerxencia social, tamén foron trasladados xoguetes e roupa almacenada para os mesmos fins, segundo comunicou esta mañá o Concello de Gondomar. De feito as augas nunca entraron ao edificio como erroneamente informárase na nota publicada onte neste medio.

Voluntarios de Gondomar, Baiona e Nigrán achegáronse para axudar nos traballos de traslado en resposta a unha chamada realizada en redes sociais polo Concello de Gondomar. Un guindastre e operarios do concello completaron o equipo responsable deste operativo de prevención levado a cabo pola posible inundación, que de seguir as fortes choivas ameazaba con alagar a primeira planta do CDL (centro de desenvolvemento social).

Toda a comida e o diverso material está a salvo, das inclemencias meteorolóxicas, en dependencias do Concello.